

ACTA DO COMITÉ ANTIFRAUDE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

4ª ACTA: SESIÓN 06 DE XUÑO DO 2023. SALA Nº 1. 10.00 H.

Mediante correo do 01 de xuño de 2023, convocouse a 4ª sesión do Comité Antifraude da Universidade da Coruña (UDC), coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se proceder, do acta da sesión anterior (achégase acta).
- 2.- Implantación na UDC da canle de denuncias
- 3.- Proposta de modificación da composición do Comité Antifraude
- 4.- Quenda aberta de intervencións.

Asistencia (segundo a orde establecida no apartado Primeiro da referenciada R. R.do 11-03-2022):

- Ramón del Valle López, xerente. Presidente.
- Carlos Aymerich Cano, secretario xeral. Secretario.
- Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica. Vogal.
- Salvador Naya Fernández, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia. Vogal.
- Ramón Noguerol Gómez, vicexerente de Coordinación. Vogal.
- Ana Lozano del Río, vicexerenta de Economía e Finanzas. Vogal.
- Yolanda Calaza Parajes, vicexerenta de Investigación e dos AA EE da Investigación. Vogal.

Trátanse os asuntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se proceder, do acta da sesión anterior (achégase acta)

Apróbase por unanimidade.

2º.- Implantación na UDC da canle de denuncias

Informa o xerente das tarefas e entrevistas sostidas coa empresa a que se lle encomendou o traballo.

Código Seguro De Verificación	gwtBXdao9cZuk+uCrHCmA==		Estado	Data e hora	
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano		Asinado	08/06/2023 09:14:16	
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López		Asinado	07/06/2023 14:44:22	
Observacións			Páxina	1/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gwtBXdao9cZuk+uCrHCmA==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				

O secretario xeral informa que a Canle de Denuncias debe levarse a consulta da Xunta de Persoal e Comité de Empresa de PDI e da Xunta de Persoal de PAS. Despois levarase para a súa aprobación ao Consello de Goberno.

Apróbanse os documentos: “Regulamento do procedemento de xestión das informacións recibidas no sistema interno de información da Universidade da Coruña” e “Política do sistema interno de información da Universidade da Coruña”.

Tamén se acorda que se publique na web o documento que se achega como anexo “Política do sistema interno de información da Universidade da Coruña”.

3º- Proposta de modificación da composición do Comité Antifraude

O xerente informa da súa entrevista do pasado 2 de xuño de 2023 co vicerreitor de Economía e co presidente do Consello Social como consecuencia e seguimento da intervención no punto do Pleno do Consello Social.

Conclúese que o Comité Antifraude agarda a proposta que realice o Consello Social.

4º.- Quenda aberta de intervencións.

Acórdase a aprobación dos novos impresos antifraude (Anexo V) polas actualizacións da normativa estatal sobre a materia que figuran nesta ligazón: <https://www.udc.es/es/transparencia/antifraude/impresos/>

Remata a sesión ás 10.55 h do 6 de xuño de 2023.

Visto e prace
Presidente
Ramón del Valle

Dou fe
Secretario
Carlos Aymerich

Código Seguro De Verificación	gwtBXdao9cZuk+uCrHCmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario xeral - Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	08/06/2023 09:14:16
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	07/06/2023 14:44:22
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gwtBXdao9cZuk+uCrHCmA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

